



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación inicial do proxecto de modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil As Lagoas

Proxecto de ordenanza modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil As Lagoas

Trámite: información pública.

Aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 26 de outubro de 2022 o proxecto de modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil As Lagoas (artigos 5, 6, 7 e eliminación disposición transitoria), de conformidade co indicado no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles a computar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de A Coruña, prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas alegacións ou reclamacións estimen por oportunas.

Para tal efecto ponse a disposición na sede electrónica do concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa” no seguinte enlace <https://mugardos.sedelectronica.gal/dossier.7>.

Formulario que estará igualmente disponible no Rexistro Xeral do concello.

Rematado o prazo as reclamacións e suxerencias, no seu caso presentadas, serán obxecto de estudo e emisión dos correspondentes informes técnicos e o expediente será novamente sometido a aprobación do Pleno con estimación ou desestimacións das alegacións ou reclamacións presentadas, fase á que seguirá a de publicación íntegra do texto da ordenanza no BOP de A Coruña e no Portal de Transparencia (artigo 49 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), sen que entre en vigor ate que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles aos que se refire o artigo 65.º e 70.º Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación na páxina web do concello, Espazo de participación cidadá na elaboración normativa (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311637624-a00e64b6-f3dd>)

Así mesmo e coa mesma data procedérase á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia no que estará disponible os certificado do acordo de e o informes técnicos municipais (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>).

O anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de información pública.

Mugardos, asinado en data 18 de novembro de 2022.

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

2022/7266